

1. Iarriba, no hay que arribar-e
Iarriba, no hay que arribar-e
¿arriba, n' hay costureira
ni pano para cortar-e.
2. Arriba, pandeiro roto,
abaixo, manta mollada
ond' as mulleres non cheghan
os homes non valen nada.
3. [A m]uller qu' ama a dos homes
n' es loca, qui es entendida
cando unha vela se apaga
i-otra le queda encendida.
4. Ia mojer qu' ama a dos homes
ama a dos de mucho cuento,
qu' a mojer qu' ama a dos homes
sabe cómo amar a un ciento.
5. Arrimeim' a un pino verde
por ver si me consolaba
o pino como era verde
en vez de cantar, lloraba.
6. Indo por Santiago abaixo
apretei unha carreira
pensando qu' era unha lebre
salium' unha costureira.
7. Quédate con Dios, Santiago,
coas túas santiaguesas
yo me voy para a montaña
c[a]oas miñas montañesas.
8. Indo por Santiago abaixo
sentín cantar na congostra
en casa de dos homiños
que llueva* un can ca mosca **que un leva*
9. Chamáchesme pequeniña
porque me criei con papas,
pequenos son os mosquitos
a máis van busca-las vacas.
10. Chamáchesme moreniña
porque nacín na revolta
inda ti non é-lo ghuapo
que me dá-la viravolta.
11. Yo me salí de La Habana
i-a caballo de un mosquito
mie dijeron los marineros
“¡qué caballo máis bonito!”
12. Non teño pano de seda
teño mente de i-o ter-e
pasea por Buenos Aires
quién me lo va i-a traiere.
13. O raposo vai ao monte
para a rodiña do carro,
os ollos lévaos na cabeza,
o cú debaixo do rabo.
14. Ringo-rango na camisa,
ringo-rango no cibón-he,
tanto ringo-rango, nena,
tanto ringo-rango, non-he.
15. Unha morena con gracia
puede salir a la calle
i-una blanca sen colores
no puede salir al baile.
16. [Rab]eas pola peneira,
rabeas por pineirar-e,
rabeas por ter amores,
rabeas por te casar-e.
17. [De]bajo de tus ñaghuas
hay un cosito redondo
donde bebe mi caballo
con las alforxas ao lombo.
18. Anduvécheste alabando
que m' habías de deixar-e
agora deixeit' i-eu-e,
corre ben, vait' alabar-e.
19. O cura chamoume rosa,
i eu tamén lle respondín-he:
—Destas rosas, señor cura,
non as ten no seu xardín-he.
20. I anduvécheste alabando
que te quería y te quiero,
agora, te alabarás-e
que te quería y te diejo
21. Chamáchesme moreniña
sonche do polvo da i-eira
se me viras a Domingo
ninguén [...]deira [?]
22. Desta volta a maila i-outra
i-a maila i-outra pasada
abaniéi unha p'reira
nunca fora abaniada.
23. Indo polo río abaixo
ao son da i-auga que corre,
o cariño dunha nena
mantén tres días un home.
24. Eu cantar, cantaba ben-he,
a gracia non era moita,
quedoume no lavadoiro
cando fun lava-la roupa.